

MEMORIA DO CLUB DE CIENCIA IES A SARDIÑEIRA CURSO 22-23

1. INTRODUCCIÓN E PARTICIPANTES
2. INVESTIGACIÓNS
3. DIFUSIÓN E IMAXES
4. CONCLUSIÓNS E VALORACIÓNS



1. INTRODUCCIÓN E PARTICIPANTES

O Club de Ciencia do IES A Sardiñeira é un proxecto con vocación de permanencia, que nace como resposta á curiosidade pola ciencia mostrado polos alumnos e alumnas do noso centro educativo, enclavado no barrio Os Mallos (A Coruña).

Queremos levar a ciencia máis aló das aulas para convertela en algo próximo, práctico e conectado co resto de saberes, a través dun espazo aberto, diverso, dinámico, didáctico e recreativo, onde o noso alumnado sexa sempre o principal protagonista e poida investigar, experimentar e compartir reflexións de carácter científico.

O ensino das ciencias é un aspecto fundamental na formación dos alumnos e alumnas como cidadáns activos, xa que lles permite relacionarse mellor coa súa contorna e responder as necesidades da sociedade actual. Ademais, a aprendizaxe das ciencias estimula a participación e favorece as capacidades de observación, análise, razoamento, imaxinación, comunicación e abstracción.

As investigacións realizáronse en diferentes espazos do centro, principalmente nos laboratorios de Física e Química, pero tamén na biblioteca e no patio do centro, así como no noso stand do Día da Ciencia na Rúa, no que participamos con experimentos sobre as propiedades químicas dos alimentos.

Profesorado participante:

Docente	Departamento	Función
Pedro del Pozo Toscano	Física e Química	Coordinación
Loreto Legerén Molina	Física e Química	Participación
Susana Barreiro Martínez	Física e Química	Participación
Elena Lalinde Carrasco	Tecnoloxía	Participación
Esther Tarrío Tato	Tecnoloxía	Participación
José Carlos Areán Buján	Ciclos FP Química	Participación

Alumnado participante:

Valerie Pérez	1ºC
Gilary Nava	1ºC
Antonio López	2ºA
Valeria Delgado	2ºB
Sofía Soares	2ºB
Ashley Peña	2ºB
Sarahy Soscué	2ºB
Leire Ledesma	2ºB
Alejandro Iglesias	3ºA
Sabrina Monteiro	3ºA
Jamely Medina	3ºPDC
Carla Morales	3ºPDC
Paloma Díez	3ºPDC
Nicole Martínez	3ºPDC
Mara Castelo	4ºA
Wilson Orellana	4ºB
Eudis Pérez	4ºC

Laura Rega	1ºBac
José Martín Quiñoá	1ºBac
Diego Dubra	1ºCM Lab
Adrián Carballido	1ºCM Lab

Total: 21 (14 alumnas e 7 alumnos). O grao de interese e participación nas actividades foi bastante alto, dato que motívanos para continuar e mellorar o proxecto nos próximos cursos.

2. INVESTIGACIÓNS

2.1. Propiedades dos alimentos

- a) Almidón en alimentos.
- b) Vitamina C en alimentos.
- c) Cromatografía de pigmentos vexetais.
- d) ADN en froitas.
- e) LED con limóns.
- f) Lípidos en alimentos.
- g) Ósmose en cenorias e patacas.

2.2. Reaccións químicas.

- a) Electrolise da auga
- b) Fluídos non newtonianos.
- c) Obtención de prata.
- d) Obtención de cobre.
- e) Catálise da auga osixenada.
- f) Descomposición do dicromato de amonio.

2.3. Robótica.

- a) Fundamentos.

2.4. Participación en actividades complementarias.

- a) Mes da ciencia en galego
- b) Día da muller e a nena na ciencia.
- c) Semana cultural.
- d) Día da ciencia na rúa.

3. IMAXES E DIFUSIÓN

-Difusión principal:

-Conta de Instagram propia do club: @ciencia.sardi

Resumo: 25 publicacións con máis de 500 interaccións positivas.

-Outras vías de difusión:

-Instagram xeral do centro.

-Blog de actividades complementarias do centro.

-Espazo propio do club na web do centro.

-Aula virtual propia do club.

-Taboleiros do centro.

4. CONCLUSIÓNS E VALORACIÓNS

O noso Club de Ciencia caracterízase por unha dobre vocación didáctica e recreativa, e polo tanto os seus obxectivos converxen cos do ensino formal, superándoos. Do análise dos principais obxectivos despréndese unha valoración xeral bastante positiva:

-Fomentar o espírito crítico, a autonomía persoal e o sentido da responsabilidade. Grao de cumprimento alto.

-Promocionar o acceso das alumnas aos estudos científicos, e contrarrestar os estereotipos de xénero. Grao de cumprimento alto.

-Atender á diversidade. Grao de cumprimento alto.

-Descubrir a ciencia como actividade humana, relacionada coa contorna inmediata. Grao de cumprimento medio.

-Potenciar a aprendizaxe colaborativa mediante técnicas sinxelas. Grao de cumprimento medio.

-Reforzar as relacións interdisciplinares. Grao de cumprimento alto.

-Empregar as redes sociais e as ferramentas tecnolóxicas para interaccións e divulgación. Grao de cumprimento medio.

-Cooperar con outros clubs de ciencia. Grao de cumprimento baixo.

Doutra banda, os resultados da enquisa realizada polo alumnado do club ofrece resultados moi positivos e motivadores.

Resumo dos resultados da enquisa completada por 16 alumnos e alumnas do club:

Aprendiches cousas interesantes no club de ciencia?	Si 100%
Divertíchesche no club de ciencia?	Si 100%
Gustouche participar no día da ciencia na rúa?	Si 100%
Gustaríache seguir o curso que vén no club de ciencia?	Si 75%
Pensas que no futuro poderás ser científico/a ou tecnólogo/a?	Si 75 %
Que foi o que máis che gustou do club de ciencia?	Resposta libre máis repetida: “os experimentos”
Tes algunha suxerencia ou proposta?	Resposta libre máis repetida: “máis días”

En definitiva, desde o primeiro día as rapazas e os rapaces participantes estiveron moi implicados e demostraron un bo progreso no desenvolvemento da metodoloxía científica e de estratexias autónomas en resposta á súa curiosidade. En total, 21 alumnos/as, concretamente un heteroxéneo grupo de 7 alumnos e 14 alumnas de case todos os niveis do centro.

Por último, no que respecta ás melloras para o vindeiro curso, en principio queremos:

-Contar cun taboleiro propio do club.

-Ampliar a presenza nas redes sociais, máis aló de Instagram.

-Extendernos a máis departamentos interesados.

-Consolidar a participación no Día da Ciencia na Rúa.

-Compartir as actividades en encontros, xornadas ou feiras.

-Realizar visitas a lugares de interese científico.

A Coruña, xuño de 2023.